

# MEMORIA EXPLICATIVA PARA A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA DO ENTROIDO DOS XENERAIS DA ULLA

[Ó abeiro do Decreto 39/2001 e do Proxecto de Decreto de  
Declaración de Festa de interese turístico de Galicia de  
decembro do 2011]

Concellos de Boqueixón, A Estrada, Santiago  
de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e  
Vila de Cruces

### **Antigüidade.**

A primeira documentación que se ten sobre o entroido dos Xenerais da Ulla corresponde ós anos 70 do século XIX. Alfredo Vicenti, ilustre político santiagués, publica a partir de abril de 1875 no xornal *El Heraldo Gallego* unha serie de artigos titulados “En las orillas del Ulla”. Un deses artigos titúlase “La máscara” e nel narra a formación dunha comparsa de entroido na parroquia de Oca, concello da Estrada. Posteriormente foron moitos os autores que escribiron artigos ou pequenas notas para difundiren esta tradición carnavalesca, entre outros, Bouza Brey, Manuel García Barros, Neira Vilas, González Reboredo, Mariño Ferro, Arca Caldas, Federico Cocho, etc.

Non se pode asegurar con certeza a orixe concreta dos Xenerais da Ulla, pero, polas características comúns destas mascaradas, esta hai que buscala nos diferentes enfrontamentos armados que se sucederon na comarca ó longo do século XIX: primeiro a loita contra a invasión francesa e, despois, a revolución do 1846, que rematou coa batalla de Cacheiras, coas tropas de cada un dos bandos percorrendo os espazos en que hoxe se mantén vivo este entroido. As diferentes guerras carlistas que se desenvolveron en España durante o século XIX axudarían, sen dúbida, a crear un abraio colectivo que desembocou na súa ridiculización.

A celebración do entroido sitúase ó redor das datas marcadas pola Igrexa para esta conmemoración. Os días con máis actos son os correspondentes ó sábado e domingo de entroido, pero tamén hai actos o martes de entroido, o domingo de piñata, o domingo corredeiro e mesmo antes se é necesario pedir traxes ou bestas prestadas.

### **Singularidade.**

O entroido dos Xenerais é privativo da comarca natural da Ulla, en concreto dos concellos de Boqueixón (parroquias de Lestedo e Sergude), A Estrada (Cora, Couso, Paradela, Santa Cristina de Veá e Santeles), Santiago de Compostela (Aríns, Marrozos, Santa Lucía), Silleda (A Bandeira, Dornelas, Lamela), Teo (Bamonde, Cacheiras, Lucí, Oza, Rarís, Recesende, Reis, Vilariño, Teo), Touro (Bama, Fao, Fonte Díaz), Vedra (Illobre, San Xíán de Sales, Trobe, Vedra e Vilanova), Vila de Cruces (Merza, Piloño, Salgueiros). Tamén se celebra na parroquia padronesa de Carcacía. En ningún outro lugar de Galicia, nin que se saiba de España nin de Europa Occidental, hai nada semellante.

Para a descrición das características deste entroido ímonos valer do escrito redactado por X. M. González Reboredo, un dos máis reputados etnógrafos de Galicia, para o tomo dedicado á *Antropoloxía*, volume XXVII, na enciclopedia *Galicia* (Hércules de Ediciones, A Coruña, páxinas 308-312. O texto presentámolo escaneado:

Tres detalles  
da vestimenta  
ornamentación  
de persoas  
e animais  
no Entroido  
de Reis.  
Teo.  
A Coruña.



ademais, outra dimensión social que non podemos esquecer e que é a de reforzar os lazos entre comunidades próximas; pódese considerar tamén unha festa de boa veciñanza.

• **AS MASCARADAS DE XENERALES (XENERAIS) DA ULLA.** Situada entre as provincias da Coruña e Pontevedra, a comarca da Ulla, enmarcada entre Santiago de Compostela polo norte e a Estrada polo sur, ten un Entroido propio e diferente dos que vimos de describir. Numerosos estudiosos ocupáronse del, e tamén algún literato (VICENTI, 1984, páxs. 57 e ss.; GARCÍA BARROS, 1990, páxs. 16 e ss.; NEIRA VILAS, 1977, páxs. 44 e ss.; GARCÍA RAMOS, 1912, páxs. 17 e 18; BOUZA-BREY, 1982, 2, páxs. 197 e ss.; FRAGUAS FRAGUAS, 1951, páxs. 431 e ss.; LÓPEZ FERNÁNDEZ, 1974, páx. 239; GONZÁLEZ REBOREDO e MARIÑO FERRO, 1987a, páxs. 121 e ss.; GONZÁLEZ REBOREDO e MARIÑO FERRO, 1987b, páxs. 161 e ss.; GONZÁLEZ REBOREDO, 1992, páxs. 38 e ss.; COCHO, 1990, páxs. 161 e ss.). Aínda que non está presente en todas as partes nin todos os anos, este tipo de mascaradas aparece, tanto no pasado coma no presente, en parroquias dos concellos de Santiago de Compostela (o Eixo, o Castiñeiriño...), Touro (Bama, Fao, Novefontes...), Vedra (San Xulián de Sales, Sarandón, Vedra...), Boqueixón (Lestedo, Sergude...), Teo (Cacheiras, Oza, Teo, Baamonde, Lucí...), Vila de

Cruces (Brandariz, Piloño...), Silleda (Manduas, o Castro...) e a Estrada (Santeles, Oca, Arnois, Vea, Toedo, etc.).

Dunha parroquia a outra, e tamén dun momento histórico a outro dentro do século XX e último tercio do XIX (horizonte máis antigo no que temos documentada a celebración), o Entroido ullán presenta diversos matices; sen embargo, nós ímonos limitar a describir, como xa fixemos noutras ocasións, a mascarada dunha parroquia que responde ó modelo máis xeral e que contén os elementos básicos presentes en todas. Referímonos á parroquia de San Simón de Ons de Cacheiras, no concello de Teo. Neste lugar o conxunto carnavalesco componse dos seguintes elementos:

A.— “Correos”. Visten camisa con gravata, guerreira e pantalón que lembran os uniformes militares antigos. Cobren a cabeza cun gorro circular rematado nun entretecido de arame enfeitado con contas de cores. Van en cabalos engalanados. O seu número adoia ser de dous, aínda que ás veces superen esta cifra.

B.— “Xenerales” (xenerais). A súa vestimenta tamén evoca os uniformes militares decimonónicos. Na cabeza levan un rechamante bicorne rematado en plumas, frecuentemente de pavo real. Montan cabalos ricamente aparelados. O seu número adoita ser de seis, aínda que a cifra pode cambiar segundo os anos.




Gráfico 1.  
Esquema da formación de xenerais na mascarada de Cacheiras. Teo. A Coruña.

C.—“Abandeirado”. É o primeiro enmascarado que vai a pé, como os que o seguen. Adoita vestir un uniforme militar, o máis frecuente é o de mariño, e leva unha bandeira de España.

D.—“Coro de mozos”. Intégranos arredor de 20 rapaces e tamén rapazas vestidos normalmente co traxe folclórico de Galicia. Á fronte deles van un “director” e unha “directora”, o primeiro vestido coma os “correos” e a segunda cun traxe e sombreiro que recordan as indumentarias femininas de hai cen anos.

E.—“Músicos”. Aínda que nalgúns parroquias podemos ver bandas de música ó completo, en Cacheiras, a principios dos anos oitenta, o normal era que fosen gaiteiros e untamborileiro.

F.—“Coro de vellos”. É o máis semellante a un Entroido convencional de toda a mascarada. Visten zalastranamente, ás veces cobren as caras con caretas e, nalgúns parroquias, imitan oficios como o de limpabotas, médico, sacamoas, gardas, etc.



Charanga durante o Entroido de Reis. Teo. A Coruña.

A mascarada organízase no ámbito parroquial e, en días fixados (en datas de Entroido ou próximas, segundo as parroquias), percorre toda a parroquia, actuando en cada lugar e incluso en cada casa. Os coros cantan cancións con letra composta para a ocasión; son máis elegantes as do “coro de mozos”, e máis burlescas, satíricas ou picantes as do “coro de vellos”. Entre aldea e aldea, a mascarada marcha ó ritmo da música, nunha formación que reproducimos no gráfico 1 e que ten un aire paramili-



*Correo  
(à esquerda)  
exeneral  
(à direita) no  
Entroido  
de Vedra.  
A Coruña*



*Dous detalles  
da vestimenta  
de correos  
exenerais  
no Entroido  
de Santeles.  
A Estrada.  
Pontevedra.*



tar (non en van á mascarada denomínase ás veces "columna"). Os "correos" adiántanse para anunciar a súa chegada. Os *xenerales*, pola súa parte, cumpren coa misión de dar as ordes pertinentes utilizando frases exclamativas que recordan a xerga militar, e tamén se encargan, en cada lugar, de dar o "viva" a veciños, invitados e visitantes, a cambio dun donativo. No "viva!" alúdese ó nome do "cabo da casa" (cabeza de familia) e a todos os seus achegados, así como á súa parroquia de orixe e de veciñanza. Velaquí un exemplo:

—“¡Atención, señores! Digan todos conmigo nunha soa voz: ¡Viva don (nome) como natural e veciño desta parroquia, en compañía da súa muller e demais xente do seu maior aprecio!”

—“(Todos): ¡VIVAAA!”

Rematada a actuación e os "vivas!", os "xenerais" poden lanzar outros xenéricos acerca da parroquia e da festa, como "¡Viva a nosa unión!", "¡Viva a columna tonante, soante e brillante de San Simón de Ons de Cacheiras!", etc.

A escena repítase en todos os lugares da parroquia, ata que chega o último acto da mascarada, que é o chamado "atranque", "salto" ou "alto", aínda que xa puido haber outros atranques menores nalgúns dos lugares visitados. Os *xenerales* divídense en dous bandos e enfróntanse agora, precedidos dos "correos", nunha pugna dialéctica en versos de métrica irregular, aludindo a feitos de política internacional ou interior acontecidos nos últimos doce meses. Velaquí algúns pequenos fragmentos dun atranque.

Xeneral A: —“¿A dónde vas general/ luciendo tus laureadas/ asoballando naciones/ que no fueron respetadas?”

Xeneral B: —“Hago acto de presencia/ hasta el último confín/ extendiendo las doctrinas/ de aquel insigne Lenin”.

Xeneral A: —“Si pretendes por la fuerza/ dominar el mundo entero/ perderás en la contienda/ ese orgullo de guerrero”.

Xeneral B: —“La miseria que imperaba/ en la Rusia de los Zares/ hoy se convierte en riqueza/ en los campos y ciudades”...



*Coro no Entroido de Oza. Teo. A Coruña.*



*Mascarada no Entroido de Merza. Vila de Cruces. Pontevedra.*



*Xeneral da Ulla lanzando un "viva". Santeles. A Estrada. Pontevedra.*

Así continúan o debate, ameazándose mutuamente, os distintos “correos” e “xenerais”, ata que, ó final, chegan á conclusión de que son veciños e amigos, polo que procede asinar a paz.

As mascaradas da Ulla destacan por un feito que tamén está presente, aínda que menos manifestamente, noutras mascaradas do Entroido. Trátase dunha representación encamiñada a exaltar a unidade parroquial, integrando a todos os veciños mediante os “¡vivas!” nesta unidade de convivencia básica na Galicia rural, e tamén os distintos lugares ou aldeas, mediante a visita e a escenificación dalgún atranque secundario nalgunha. Aínda que non temos datos de tempos recentes, A. Vicentifacilitanos un testemuño do século XIX no que se produce un enfrontamento entre dúas parroquias, Oca e Arnois (a Estrada), e neste caso si que non foi posible a paz, chegando ó choque físico, con triunfo dos de Oca (VICENTI, 1984, páxs. 61 e 62). Á fin e ó cabo, como nos asegurou un informante, “unha parroquia é coma unha nación”, e na súa defensa pode actuar o “exército” do Entroido. Por iso non é va a presenza de máscaras que evocan a militares, exercendo a súa autoridade dentro da “parroquia-nación” e defendéndoa fronte a outras.

Esta descrición básica debe ser matizada, pois hai lugares en que os xenerais e correos xa non van acompañados de coros, pero si doutros personaxes coma o “O oso” en Merza.

Nalgúns lugares ó remate dos ‘atranques’ realízanse outros actos simbólicos coma a queima do Entroido ou o “enterro do Santo Entroido”.

A singularidade deste entroido entre o conxunto de manifestacións carnavalescas que existen en Galicia foille recoñecida pola empresa Sargadelos, que, ó lado de imaxes de peliqueiros de Laza e pantallas de Xinzo, creou unha figura para representar o xeneral da Ulla, típica do noso entroido.





### **Arraigamento.**

O entroido dos Xenerais é unha celebración parroquial. A parroquia marca o límite polo que se moven as distintas comparsas e o lugar de nacemento ou de residencia dos seus compoñentes. Dun xeito ou doutro toda a parroquia participa na súa celebración, ben porque son moitas as persoas que participan da organización do entroido (membros do coro, xenerais, correos, donos das bestas, donos dos medios de transporte dos distintos coros, músicos, letristas das copras, letristas dos atranques, preparadores de comida, etc.), ben porque a comparsa visita tódolos lugares da parroquia —e os caixeiros tódalas casas— e os seus residentes solicitan a correspondente *Viva*.

En tempos máis afastados chegaron a producirse violentos altercados verbais entre as comparsas das distintas parroquias cando se atopaban nos límites entre elas. O autor citado, Alfredo Vicenti, narra de feito un encontro, neste caso físico, entre a comparsa de Oca e a de Arnois.

En definitiva, o entroido dos Xenerais marca claramente os límites parroquiais e dálle cohesión a este agrupamento humano pois, nos lugares en que aínda se mantén a tradición de



percorrer a parroquia, non queda ningún asentamento por visitar por moi pequeno que sexa ou por moi afastado que quede do roteiro establecido. Mesmo hoxe, os límites parroquiais só se saltan porque as vías de comunicación así o esixen.

### **Valor cultural.**

A diferenza doutras modalidades de entroido, o da Ulla caracterízase pola súa elaborada posta en escena. Sexa cal for a traza que se lle dea en cada unha das parroquias en que se celebra, para que os xenerais saian á rúa é preciso que se escriban textos –para os atranques e para os coros- que se adecúen a unha entoación recitativa concreta e a unha música-, polo que se está a facer literatura. Os textos deben aprenderse e ensaiarse co compañeiro para dicilos correctamente en público, polo que a arte dramática está presente nesta festa. Pero non só nos atranques e altos se fai unha representación teatral, tamén no xeito en que se coloca e canta o coro. A improvisación, que foi un elemento fundamental nos primeiros anos deste entroido, queda hoxe case reducida á elaboración das vivas que fan os xenerais e correos no seu percorrido pola parroquia.

O valor cultural deste entroido vai máis aló do puramente atávico: é unha creación colectiva en que tamén interveñen outros actores como os artesáns elaboradores dos tocados dos xenerais e correos e as costureiras e xastres que realizan a roupa. A elaboración destes produtos pode seguirse nos seus pasos básicos, xunto co nome que reciben as partes principais do traxe, no despregable publicado polo semanario *Tierras de Santiago* no ano 2007, que reproducimos.



O entroido como manifestación inmaterial desaparece no mesmo momento en que é corrido, de non ser que se consiga apreixar en modernos formatos: gravacións de audio e de imaxe. Como ben inmaterial este entroido non só debe ser considerado polo súa posta en escena, senón polos textos escritos que, non sendo algunha excepción, non foron recollidos en soportes permanentes. O seu valor como ben inmaterial queda avalado pola súa presenza na páxina web do Proxecto Ronsel, realizado pola Universidade de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia.

O artigo publicado no ano 2007 (06.03.2007, páx. 26) por Carme Hermida no semanario *Tierras de Santiago* incide nos aspectos aquí apuntados:

## A cultura popular no Entroido de Cacheiras

O sábado 17 e o domingo 18 de febreiro percorreron a parroquia de Cacheiras dous correos, 14 xenerais, 6 caixeiros, 60 membros do coro de bonitos, 50 compoñentes do coro de vellos, unha charanga, un cuarteto de gaiteros, un camión, tres tractores engalanados e un número de máis de 20 persoas que se ocuparon de moi diversa intencionalidade. A satisfacción final dos participantes nesta demostración e do público que os acompañou dan idea do éxito do traballo realizado. Para quen a ve dende fóra, esta manifestación dos carnavais queda reducida á interpretación duns cantares por parte de dous coros caracterizados para a ocasión, a un enfrontamento verbal cunha entoación peculiar entre parellas de correos e xenerais a cabalo e ó lanzamento de vivas a persoas da parroquia. Esta visión exterior aínda non sendo inexacta resulta moi reduccionista e de ningún xeito recolle todo o traballo previo que lucirá nesa explosión final.

A arredor de dous meses antes dos días fixados para o Entroido, as persoas interesadas en participar deberán xuntarse para comprobar que se dispón do persoal necesario para a súa organización. A partir dese momento realízanse dúas tarefas en paralelo: a creación dos textos dos coros e dos atranques e a consecución de todo o material necesario para os correos e xenerais: traxes, bestas e arrees e adobios. Aínda que Cacheiras dispón de traxes de seu, estes nunca chegan para vestir a todo os que se apuntan a ir d'acabalo e cómpre acudir a préstamos de particulares e doutras comisións. De particulares son tamén as bestas, que soportarán dous días de camiño por lugares pouco axeitados e algúns xinetes pouco afeitos á monta e mal coñecedores do animal.

Os textos, xeralmente creados por persoas do lugar pouco relacionadas coa literatura impresa, pero sumamente habilidosas na redacción de coplas populares e na expresión harmónica e crítica do vivir cotián, son de dous tipos: os atranques e as letras cantadas polos coros. Os atranques son diálogos en verso que serán ditos no acto final celebrado o domingo no Campo da Festa polos correos e xenerais, que asumen papeis correspondentes a figuras confrontadas e relevantes da escena política ou social. Este ano, os primeiros xenerais de Cacheiras faláron como Bush e Chávez, os segundos como Zapatero e Rajoy, os terceiros como Quintana e Núñez Feijóo, etc. O éxito da súa intervención depende de dous factores: a letra dos textos e a súa maneira de dicilos. É preciso recitalos sen equivocarse e coa entoación que lles corresponde, que se caracteriza por unha grande elevación na penúltima palabra de cada verso. Os atranques secundarios, que se producen

### FIRMA INVITADA



Carme Hermida Gullas

noutros lugares emblemáticos da parroquia –os deste ano no Raxó, no Vilar e na Igrexa– son unha oportunidade de tratar cuestións máis locais e familiares e un bo xeito de introducir os máis pequenos –este ano un neno e unha nena de menos de oito anos– nun papel reservado para os de máis idade.

As letras dos cantares deben incluír a crítica, tanto no aspecto máis global da vida político-social, como no máis próximo da vida parroquial ou do segmento poboacional representado polos coros. Cando os cantares reciben a aprobación dos coros accédese a unha segunda fase: atoparles a música que os arroupará. Esta deberá cumprir varios requisitos: ter ritmo de festa, ser facilmente recoñecible para o público, adecuarse ó cantar, ser fácil de interpretar para unha charanga e para un coro pouco versado en habilidades harmónicas pero con todo o entusiasmo do mundo e, por último, relacionarse coa vestimenta elixida polos co-

ros. Neste ano, un dos cantares do coro de bonitos falaba do botellón con música da cabritinha; o de vellos, pola súa parte, usou a música do pasodobre *La morena de mi copla* que lle acalá moi ben ó traxe andaluz co que se caracterizaron os seus membros.

Despois de moitos ensaios, todos comandados polos directores –un home e unha muller– de cada un dos coros, de reparticións, de reclutamento de persoal e de tarefas administrativas varias, chega o día de saír pola parroquia: 12 km cuadrados que se percorreren en dous días, con nove horas de dedicación cada un deles e parando unha para comer, de campo e de pé, nalgún lugar prestado ó que persoas encargadas da intencionalidade miúda desprazaron comida e bebida. O percorrido realízase conforme unha posta en escena ensaiada durante anos: primeiro os correos, despois os abandeirados, o coro de bonitos, a música, o coro de vellos, a música, os xenerais. O director dos carnavais organiza as paradas e os caixeiros recollen as vivas e as outras contribucións, que xunto coa colaboración desinteresada de industriais da parroquia constitúen o único medio de financiamento desta celebración autoxestionada. En cada parada canta un dos coros, ó rematar os xenerais dan as vivas e un deles sinala o final da parada cun “toque la música y siga”.

Vivir por dentro o entroido de Cacheiras, experiencia vimpagable para quen nos achegamos a este lugar con idea de ficar nel, é converterse en protagonista dunha gran produción teatral na que vén predeterminado o escenario (toda a parroquia), o público (toda a veciñanza), os personaxes (correos, xenerais, coros) e a coreografía (o desfile, as paradas, a organización dos coros). As persoas que realizan os diferentes papeis, porque cambian e porque escollen, son as encargadas de darlle cada ano a este entroido tan característico a súa personalidade propia e de asegurar o seu maior ou menor éxito.

Disque o Entroido é a festa da transfiguración da orde establecida, dos excesos, da diversión máxima. En Cacheiras –e noutros lugares cunha celebración semellante– o entroido é máis: unha grande manifestación de alta cultura popular en que está representada a literatura, a música, as artes e interpretativas. E tamén é moito máis polas súas finalidades últimas: manter a cohesión parroquial e valorar o traballo colectivo. Iso explica por que se percorre toda a parroquia –paseo este ano especialmente doloroso polos campos rebentados do leste de Cacheiras– e porque a veciñanza recibe os carnavalescos con entusiasmo e con comida e bebida que axuda a recompoñer as forzas.

Presidenta da Asociación Ravíña Valdés de Cacheiras



O valor sociolóxico e histórico deste entroido queda constatado na medida en que os cantares e atranques se refiren a temas que afectan á sociedade, tanto parroquial coma mundial. A súa relevancia neste ámbito é salientable en tanto permite coñecer a reacción do

público xeral a noticias populares ou o seu comportamento e opinión ante feitos e políticas próximas.

Como mostra do que se vén dicindo incluímos un atranque do ano 1989, momento en que se desposuíra do poder a Albor e se formara un goberno de coalición entre tres partidos. Recolleu este atranque Federico Cocho nas páxinas 166-167 do libro *O carnaval en Galicia* (Xerais, 1990):

166

Federico Cocho

Pepe Lueiro. Trátase de catro diálogos diferentes entre parellas de *xenerais*. Os dous *xenerais* que disputan saben o diálogo de memoria. Alternativamente, bota cada un verso:

#### PRIMEIRA PARELLA DE XENERAIS

A) Aquí estamos señores  
agora na oposición,  
desde que se xuntaron tódolos caciques  
para derrotar a Albor.

B) Nos fomos para salvar Galicia  
e poñela a andar,  
co goberno de dereita  
non a soubo levantar.

A) Non ben sabemos que foi  
obra do señor Barreiro,  
que está xogando con todos  
como José Luis Moreno cos moñecos.

B) Barreiro é o mellor político  
co que hoxe podemos contar,  
el formou a coalición  
para Galicia salvar.

A) Xa se ve que ben a salva  
co Presidente que ten,  
que piden 30 millóns  
para arreglar o seu chalet.

B) O chalet taba moi mal  
que o arruinara Albor,  
e sentíase moito ruído  
ó pasar os camións.

A) Éche moi fino de oído  
ese Presidente araña,  
vámoslle ter que comprar  
unha mansión americana.

*O Carnaval en Galicia*

167

B) El sólo lle vai arroglar  
unhas cuantas averías  
que para eso é o que manda  
na nosa Autonomía.

A) O que lle vades facer  
é aumentar os salóns,  
porque vos quedan pequenos  
para repartir os millóns.

B) Vós pensades que facemos  
como o goberno de atrás,  
que hai montón de facturas  
que nós tivemos que pagar.

A) As facturas é un conto  
que nos queredes armar  
xa sabemos como facedes  
para a coalición poder chupar.

B) Aceptastes para Santiago  
o montar un gran hipermercado  
e os pequenos comerciantes  
teñen que ir todos ó paro.

A) Pois agora estades vós  
e podedes arreglalo  
e si non vos parece ben  
que o poñan noutro lado.

B) Pois así vamos facer  
que nós sabemos mandar  
que pasen outros p'aquí  
que nós vámonos retirar.

#### SEGUNDA PARELLA DE XENERAIS

A) Aquí estamos señores  
e vámoslles a contar  
o desastre dos políticos  
que a Galicia queren mandar.

Unha mostra da creatividade e da crítica das letras cantadas polos coros pode observarse no libro de Edita Cobas *Cantares e desafíos do Entroido*, publicado no ano 2011 pola editorial Meubook, en que a autora recompila tódolos cantares de entroido dos que é autora entre os anos 1970 e 2010.

Unha nova mostra destes cantares de coro, neste caso inédita en libro e só distribuída nunha folla volanteira —como as comisións adoitan difundiren estas coplas— é a titulada “As novas leis”, que foi cantada polo coro de vellos da parroquia de Reis (Teo) no entroido do ano 2010.



<b>AS NOVAS LEIS</b>	
AQUÍ ESTA O CORO DE VELLAS IMOS CANTAR O ENTROIDO VIMOS DE ALDEA EN ALDEA CONTANDO DE TODO UN POUCO	<b>MUSICA</b>
IMOS FALAR DESTA XENTE QUE NOS TA A GOBERNAR CAS LEIS NOVAS QUE PUXERON DONDE IREMOS A PARAR	XA ACABARON CAS VAGAS CON ESO DE SANEALAS POIS AHORA TANO FACENDO CAS OVELLAS E CAS CABRAS
POIS CADA ANO QUE PASA A COUSA PONSE MAIS DURA EN VEZ DE SER DEMOCRACIA PARECE UNHA DITADURA	E PARA FODER MAIS QUE LEI FORON A SACAR TEMOS QUE TER UN CARNE PARA PODER SULFATAR
<b>MUSICA</b>	TODOS OS ANOS CHE SOBEN OS IMPOSTOS A MONTONS E NON VALE PROTESTAR HAI QUE PAGAR A COLLONS
AUNQUE TEÑAMOS LEIRIÑAS PARA UNHA CASA FACER VASLLE PEDIR O PERMISO DINCHE QUE NON PODE SER	<b>MUSICA</b>
SE VAS A BEIRA DO RIO UN CHAPARRIÑO CORTAR ANDATE CON MOITO OLLO PORQUE TE PODEN MULTAR	COMO SIGA A COUSA ASI VAI MANDAR MOITO CARALLO HAI QUE PAGAR OS IMPOSTOS PERO NON TEMOS TRABALLO
O LUME FORA DA CASA XA NON SE PODE PRENDER AUNQUE SEXA NO INVERNO SEICA O MONTE PODE ARDER	E REMATAMOS O CONTO PORQUE TEMOS QUE MARCHAR POR MOITO QUE NOS DIGAMOS NADA IMOS ARREGLAR

Un valor social non suficientemente considerado é o colaborativo e solidario. Como se pode comprobar nas fotos precedentes, a indumentaria dos xenerais e correos, xunto cos arreos dos cabalos, ten un custo alto: o valor dun traxe de xeneral –sen contar adornos dos cabalos- está próximo ós 3.000 euros. Por esa razón as distintas comisións organizativas posúen indumentaria e arreos para que luzan algúns dos participantes. Como adoita non chegar para todos, son as persoas que posúen roupa e outros adornos as que a prestan para completar vestimenta. Se, aínda así, non é abondo, recórrese ó préstamo interparroquial: comisións e veciños das parroquias próximas prestan traxes e arreos para que se poida desenvolver o entroido.

Os animais tamén son obxecto de préstamo pois non tódalas persoas que queren ir dacabalo posúen unha besta para facelo.

Ó redor do entroido da Ulla tamén se move unha actividade comercial e, especialmente, artesanal relevante. Os xastres e costureiras da zona non só se ocupan de coser os traxes dos coros e os disfraces individuais, tamén traballan na elaboración dos traxes de xenerais e correos. Non hai mellor ilustración para este apartado cá entrevista realizada no semanario *Tierras de Santiago* no ano 2009 a un dos mellores e maiores fazedores de traxes de xeneral, Luís Montáns, da Estrada.

# tierras

de Santiago

XASTRE ESTRADENSE DO ENTROIDO DO ULLA

## Luis Montáns:

19.01.2009 Leva case corenta anos vestindo os correos e xenerais que en poucos días comezarán os encontros do carnaval no rural da comarca. Os primeiros serán os de Solláns, en Teo, o domingo día 25

MÓNICA G. CONDE. A ESTRADA



FOTO: CONDE

Grazas á súa arte e paciencia coa agulla, os exércitos do Entroido volverán lucir este ano as súas mellores galas. Luis Montáns leva case catro décadas dando cor e vistosidade dende o seu taller da Estrada ós uniformes de xenerais e correos que en días vindeiros percorreren moitas localidades da comarca cos seus vivas e encontros. No taller de Montáns, un home que goza co seu traballo, e coa inestimable axuda de Fina, a súa dona, séguense a apurar os encargos para revivir toda unha tradición.

– **¿Cómo comezou no oficio de xastre?**

– Empecei hai 36 anos. Algo había que facer na vida, e daquela se non aprendías un oficio non servías para nada. Non había posibilidade de estudar, e só quedaba traballar. Comecei como aprendiz cun señor de Cora, un xastre que xa faleceu. Logo de seis anos de aprendizaxe, traballei nun taller de confección, aquí na Estrada, e en Pontevedra noutro de xastería uns cantos meses. Despois seguí traballando pola miña conta. Mentres estiven solteiro tiver o taller en Santeles, na casa en que nacín. E logo de casar vin para A Estrada.

– **Actualmente vostede é xa coñecido como o xastre do entroido. ¿Como se iniciou nesta arte?**

– O do Entroido foi por casualidade. Metéronme un traxe nas mans que había que facer. Alguén tiña que facerse cargo. Conseguí que saíra máis ou menos ben e a xente confiou en min e, dende aquela, levo moitos anos aí, loitando cos abalorios, cos flocos, coas borlas, coas plumas... con vestiario que cada día é máis bonito e vistoso.

– **¿Lembra o primeiro traxe que fixo para esta tradición?**

– Sí, era un de correo de cor azul para Santeles, a parroquia onde nacín.

– **Que é precisamente un dos berces do Entroido do Ulla...**

– Si pero tamén hai outras moitas parroquias. Paradela, Couso, Cora, Arnois, Santa Cristina ou Ribeira, entre outras.

– **¿E fai moitos traballos para outros destacamentos do Entroido?**

– Si, onde máis hai son da zona de Santiago, con Marrozos, Aríns e Santa Lucía, e tamén en Teo, con moitas parroquias. Tamén hai encargos para a zona de Silleda, onde existe tradición en Dornelas, Bandeira e Lamela, en Vila de Cruces, con Piloño, Salgueiros, Merza, Brandomé e Camanzo; en Vedra, con San Fins, San Xiao ou Trobe, en Boqueixón, que se celebran en Sergude, Touro, con Bama e Fao e de Padrón, de Carcacia.

– **¿E cando comezou a traballar para cumprir toda esa morea de encargos?**

– Pois levamos dende o mes de maio. Xa entregamos un no mes de outubro e outro para Cacheiras hai dúas semanas. Agora estamos con encargos para Santa Cristina de Veá, Marrozos...

– **¿Que parte do vestiario é a que máis tempo lle leva?**

– O sombreiro, sen dúbida, ao que lle chamamos tricornio. Porque os abalorios van todos cosidos puntada a puntada. Calculamos unha media entre sete mil e dez mil abalorios en cada un. Antes había o costume de contalos pero agora xa paso diso se non...

**– ¿E se o traducimos en tempo?**

– Calculamos unha semana. A chaqueta leva menos, a de xeneral, a de correo, que leva máis aplicacións supón máis tempo.

**– E aquí faise o sombreiro dende a armazón de palla ata o último retoque...**

– Si, agora fago eu os trezados, antes facíamos a miña nai.

**– E para conseguir os materiais...**

– Veñen de Madrid, de Barcelona e hai ata plumas que segundo o meu provedor proceden da India.

**– É un traballo moi custoso...**

– Trátase de compensalo para quen o compra, trato de cobrar un prezo simbólico que ó cliente lle parecerá caro. Para o traballo que dá é moi barato.

**– Ó longo destes máis de trinta anos foi perfeccionando as técnicas**

– Trato de mellorar contidos, formas os deseños. Se aparecen novos materiais tratar de combinalos... De feito, os traxes antigos non tiñan tanto colorido como os de agora, aínda que o significado fora o mesmo.

**– Hai xente que fai encargos sofisticados**

– Si hai algúns. Os particulares. Cando se trata de comisións ou asociacións vaise ó básico, porque son para prestar a outra xente, mesmo entre parroquias

**– E desas comisións ou asociacións hai algunhas que tratarán de irse facendo con traxes para o seu patrimonio...**

– Tratan de melloralo ou arranxar pezas que se desformaron, conservar traxes que xa tiñan, restaurar mesmo un moi antigo. Unha vez tiver nas miñas mans un traxe moi antigo de Santeles, dos anos trinta ao que lle tiver que meter o forro tres veces. O traxe estaba nun estado impecable con 80 anos. Só o forro se ía desfecendo coa humidade. Coido que foi o máis antigo que restaurei. Houbo outros dous que foron doados ó museo estradense.

**– Vostede ademais de darlle as puntadas a esta festa tamén a vive...**

– Para gozar do Entroido hai que vivilo e sentilo, como todas as cousas. Nunca participei de xeneral. Pero si en coros de vellos ou bonitos, en comparsas....

**– Esta celebración desapareceu en moitos sitios. Vostede forma parte da directiva da creada recentemente Asociación Estradense do Entroido do Ulla. ¿Como ve a tradición nestes días despois de ter vivido horas baixas?**

– Estamos traballando para tratar de recuperar en parroquias onde hai mesmo 40 anos que desapareceron como Callobre ou Acorados. Na asociación empezamos con seis parroquias e xa se acaban de unir Berres e Guimarei e parece que o fará San Xurxo de Veá. Tamén houbo tradición en Moreira, Acorados, Toedo ou Callobre. A idea da asociación é a de tratar de recuperar o que desgraciadamente vimos que se foi perdendo. Hai que tratar de integrar a xuventude, que é a que realmente pode tirar por isto. Se non tiran os máis novos, estaremos perdidos.

**– Pero pese ao declive, á vista dos seus encargos o entroido do Ulla segue vivo**

– Si pero nunhas zonas máis que outras. No Concello de Teo, Santiago, Boqueixón e Vedra sobresaen sobre o resto, son as que máis parroquias teñen celebrando as máscaras do entroido

**– E cando se xubile...**

– Hai un proxecto para crear unha escola de aprendizaxe para mulleres rurais, para impartirlles clases. De momento non saíu adiante, pero aí está. Gustaríame que isto non morrera, non hai que ter algo especial. É cuestión de facelo con agarimo, coma todas as cousas nesta vida.

## **Continuidade no tempo.**

O entroido da Ulla vense celebrando tódolos anos dende que está documentado. Certo é que por razóns de vivencias colectivas diversas, é posible que nalgunha parroquia se produza algunha interrupción non desexada. Así aconteceu, por exemplo, en Carcacia, que deixou de celebralo no ano 2008 por causa dun desgraciado accidente dunha rapaza que ía participar nel como xeneral. Tamén se viu interrompido durante a Guerra Civil, pero foi retomado inmediatamente despois de rematar esta aínda que non en tódalas parroquias, xa que hai documentados atranques desta época.

Para exemplificar graficamente esta continuidade presentamos dúas fotografías correspondentes ó entroido en Boqueixón a finais dos anos 50 do século pasado e hoxe (ano 2010).





**Accesibilidade.**

No entroido da Ulla poden participar libremente aquelas persoas que o desexen, sempre que llo manifesten á comisión correspondente e que acudan ós ensaios que son necesarios realizar para unha celebración tan estruturada.



A posta en escena faise en lugares abertos, polo que o público ten libre acceso a eles, tanto no seu percorrido pola parroquia coma no salto final, confrontación xeral que se produce entre os correos e xenerais, que normalmente se produce no lugar que indentifica a toda a parroquia, o campo da festa.

Este lugar está debidamente acondicionado para garantir que todo o público o poida presenciar en boas condicións, cunha zona acordada para evitar calquera tipo de accidente cos animais que participan na celebración.

### **Estética.**

O valor estético do entroido da Ulla é innegable. Os vistosos atavíos dos xenerais, correos e abandeirados servirían eles sós para sustentar esta afirmación. Pero, ademais, cómpre sinalar o alto valor estético dos triscornios –gorros con plumachos de pavo real e cores- dos xenerais e das gorretas dos correos e abandeirados e directores dos coros de bonitos. Os arreos e aparellos dos cabalos non desmerecen esteticamente ós cabaleiros que levan enriba. Todos estes elementos polen observarse con detemento nas fotos incluídas nos textos precedentes, e tamén naquelas que se acompañan nos anexos.

A estes elementos hai que engadirles a vistosidade dos disfraces dos coros, tanto de novos coma de vellos, o enxeño das carrozas e a creatividade dos disfraces individuais.

### **Accións realizadas para mellorar e promocionar a festa.**

En xeral, no conxunto dos concellos en que se manifesta o entroido dos xenerais son entidades particulares as encargadas de promocionar entre a veciñanza a festa. Os concellos acompañan este labor de difusión e mellora naqueles aspectos que lle son solicitados polos organizadores, moi especialmente no relativo á publicidade en medios de comunicación – prensa, radio e televisión-, á colocación de infraestruturas –gradas, carpas, etc.-, á preparación dos lugares de encontro e á seguridade dos desprazamentos e dos encontros finais, momento en que máis público se xunta. Mesmo hai concellos, coma o de Touro, que fan unha contribución monetaria á celebración.

O traballo realizado pódese exemplificar co realizado polo Concello de Boqueixón, que se resumo nos seguintes puntos:

Diálogo constante e colaboración coas entidades organizadoras directamente do entroido,

Colocación dunha carpa de 544 m<sup>2</sup> nos recintos en que se celebra o encontro dos xenerais para protexer ós participantes e visitantes.

Acondicionamento do entorno para o día de celebración do entroido: adecentamento da praza e do campo da feira, restauración e reposición de mobiliario público ( maceteiros, papeleiras,..),..etc.

Limpeza de leiras particulares para usalas como aparcadoiros que faciliten a mobilidade dos asistentes.

Mantemento da seguridade cidadá co traballo dos efectivos do GRUMIR que colaboran en diferentes funcións como: vixilancia dos postos, control de accesos viarios e de aparcadoiros, así como apoio xeral noutras actuacións.

Confección de traxes de xenerais e correos.

Estas actuacións, que son comúns ó conxunto dos concellos, complementáanse con outras puntuais como a edición do libro *O entroido en Teo* da colección *Os Bolechas van de viaxe* por parte do Concello de Teo. Este libro foi regalado ós cativos e cativas que asistiron á cabalgata de Reis que abría o ano 2010 e aínda hoxe se entrega como agasallo institucional. Como consecuencia desta xestión, nas librerías de toda Galicia existe a obra *Os xenerais do Ulla* protagonizada pola familia Bolechas.

O Concello de Teo tamén colaborou coa autora e editora do libro *Cantares e desafíos do entroido* (Meubook, Compostela, 2011), Edita Cobas, que recolle nel os textos escritos para seren cantados polo coro dos novos e dos vellos da parroquia de Oza.

Neste ano 2012, á parte das actuacións propias realizadas por cada Concello, traballouse conxuntamente para a confección dunha campaña conxunta de difusión do entroido da Ulla –a través dun cartel común, un polidíptico informativo e unha páxina web (xeneraisdaulla.com)-, que tamén serviu para o intercambio de ideas que axuden á mellora da festa e a recompilación dun valioso arquivo de documentos fotográficos, escritos e audiovisuais que axudará a perpetuar unha festa dun gran valor inmaterial.

#### **Afluencia de visitantes nas cinco últimas edicións.**

Resulta difícil facer unha valoración da asistencia ó entroido nos cinco anos anteriores posto que nunca se miraron estas manifestacións con afán cuantitativo. Dispoñemos si de datos para o 2011, ano en que o número de asistentes se aproxima ás 40.000 persoas –concretamente 38.700 persoas-, coa seguinte distribución por concellos:

Boqueixón: 2.800 persoas.

A Estrada: 10.500 persoas.

Santiago de Compostela: 4.500 persoas.

Silleda: 2.500 persoas.

Teo: 10.000 persoas.

Touro: 2.000 persoas.

Vedra: 4.200 persoas.

Vila de Cruces: 2.200 persoas.

Neste ano 2012, tendo en conta repercusión que xa está a ter na prensa a campaña de difusión conxunta, espérase chegar ós 45.000 asistentes.

O entroido da Ulla non se pode entender sen o conxunto de persoas que o fan posible. *Grosso modo*, no conxunto dos oito concellos, estímase unha participación de 250 persoas a cabalo (entre xenerais e correos) e 2000 persoas disfrazadas a pé: abandeirados, directores, coros, caixeiros, carrozas, disfraces individuais, parrandas, etc.

#### **Infraestruturas e equipamento para a recepción de visitantes.**

En tódolos concellos participantes da festa existen establecementos de hostalaría e de restauración suficientes para a recepción de todos aqueles visitantes que queiran acompañarnos.

#### **Orzamento público destinado ó entroido dos xenerais.**

Como xa se afirmou en momentos anteriores, na maior parte dos Concellos o entroido é organizado directamente pola veciñanza agrupada en comisións específicas do entroido ou noutras máis xerais de festas. Estas comisións son as que corren co maior parte de gastos da celebración, pero tamén uns dos principais beneficiarios da recadación obtida.

Con todo, para os labores de apoio indicado máis arriba os concellos deben realizar unha serie de gastos que, variando de ano a ano, poden cifrarse nun total de 30.000 euros, o que dá unha media de 3.750 euros por concello.

## BIBLIOGRAFÍA ESCOLLIDA.

- ARCA CALDAS, O. (1995): *O entroido na Ulla. Medio século de xenerais estradenses*. Deputación Provincial. Pontevedra. [Reproducida no ANEXO BIBLIOGRÁFICO a parte corresponde á descrición do entroido].
- BOUZA BREY, F. (1982): *Etnografía e folklore de Galicia*, 1 e 2. Edicións Xerais. Vigo.
- COBAS, E. (2011): *Cantares e desafíos do Entroido*. Meubook. Santiago de Compostela.
- COCHO, F. (1990): *O carnaval en Galicia*. Edicións Xerais. Vigo. [Reproducida no ANEXO BIBLIOGRÁFICO a parte correspondente á Ulla]
- FRAGUAS FRAGUAS, A. (1951): "Farsas de Carnaval en Touro", en *Cuadernos de Estudios Galegos*, T. VI. Santiago. Reproducido en versión galega en *Do entroido*. Museo do Pobo Galego, 1994.
- GARCÍA BARROS, M. (1990): *As aventuras de Alberto Quiñoi*. Vía Láctea. A Coruña.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. (1992): "Los generales del Ulla", *Narria*, 59-60. Madrid.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. (1997): *Guía de fiestas populares de Galicia*. Galaxia. Vigo. [Reproducidas no ANEXO BIBLIOGRÁFICO as fichas correspondentes ás celebracións do entroido na Ulla].
- GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. (s.a.): "Festa cíclicas", en *Galicia. T. XXVII. Antropoloxía*. Páxinas 262-353. Capítulo 8. Hércules de Edicións. A Coruña.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. e MARIÑO FERRO, X. R. (1987): *Entroido de Galicia*. Deputación provincial. A Coruña.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. e MARIÑO FERRO, X. R. (1987): "Aportación al estudio de la fiesta de Carnaval en tierras de A Ulla", en *Gallaecia*, 9-10. Santiago.
- HERMIDA, C. (2007): "A cultura popular no entroido de Cacheiras", *Tierras de Santiago* (06.03.2007), páx. 26.
- MARIÑO FERRO, X. M. (2000): *O entroido ou os praceres da carne*. Edicións do Castro. Sada-A Coruña. [Reproducida no ANEXO BIBLIOGRÁFICO a parte correspondente á Ulla].
- NEIRA VILAS, X. (1977)<sup>7</sup>: *Memorias dun neno labrego*. Edicións do Castro. Sada-A Coruña.
- VICENTI, A. (1880): "A Orillas del Ulla", en Durán, J. A. (ed.) (1984): *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*. Ministerio de Agricultura / Xunta de Galicia. Madrid. [Reproducido no ANEXO BIBLIOGRÁFICO].
- VV.AA., s.a., *Gran Enciclopedia Gallega*. Ed. Silverio Cañada, Gijón. [Reproducido no ANEXO BIBLIOGRÁFICO].